

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 23 DE XANEIRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia.

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 78/2018, do 26 de xullo, polo que se regula a composición e o funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Poio da estrada provincial EP-0607 Peirao-Besada desde o punto quilométrico 0+000 ao punto quilométrico 0+100.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación das concesións de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada correspondentes aos lotes XG-800 a XG-891, cun orzamento base de licitación conxunto de douscentos trinta e sete millóns catrocentos vinte e un mil cento trinta e nove euros con setenta e un céntimos (237.421.139,71€) e un valor estimado de setecentos trece millóns seiscentos trece mil cento sete euros con oitenta e oito céntimos (713.613.107,88€).

INFORMES

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre as actuacións do Grupo de Menores da Unidade de Policía Adscrita á Xunta de Galicia durante o ano 2019.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre axudas en materia de vivenda 2020.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as convocatorias de axudas para apoiar a contratación de persoas desempregadas nos concellos galegos.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a convocatoria da orde de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para a innovación no sector pesqueiro cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

A XUNTA APROBA DE XEITO DEFINITIVO O PROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO COA QUE GALICIA SERÁ PIONEIRA EN TODA ESPAÑA

- **Remitirase nos vindeiros días ao Parlamento de Galicia para que os grupos políticos fagan as súas achegas co obxectivo de aprobalo co maior consenso**
- **É froito dun longo proceso de debate coa sociedade civil iniciado hai sete meses e no que participaron os membros do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, do Consello Económico e Social e cidadáns a título particular**
- **Destinaranse 800 millóns anuais ao desenvolvemento das medidas que recolle a norma coa finalidade de que todas as familias que queren ter fillos en Galicia conten con máis facilidades que en ningunha outra parte**

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao proxecto de Lei de impulso demográfico despois de sete meses de tramitación nos que se foi enriquecendo coas propostas de membros da sociedade civil galega. O texto será remitido nos vindeiros días ao Parlamento de Galicia co obxectivo de que os grupos políticos fagan as súas achegas e, desta maneira, manter na súa aprobación o consenso que guiou a súa elaboración.

O obxectivo desta norma, coa que Galicia será a pioneira en España, é que todas as familias que queiran ter fillos conten con máis facilidades que en ningunha outra parte. Co fin de desenvolver todas as medidas que establece a lei, o Goberno galego destinará un investimento anual de 800 millóns de euros. Trátase dun texto que afronta a cuestión demográfica cun enfoque transversal e orientado ao longo prazo, xa que a intención da Xunta é que non sexa asumida como unha lei de goberno senón como unha lei de país.

Neste sentido, o contido desta normativa é o resultado dun longo proceso de debate que deu os seus primeiros pasos no Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, continuou cun proceso de exposición pública do que se tivo en consideración o 80% das alegacións presentadas e, nas últimas semanas, a través do ditame do Consello Económico e Social de Galicia, que achegou as perspectivas das organizacións sindicais, empresariais, das universidades e dos demais axentes representados nel.

Universalización da educación infantil de 0 a 3 anos

Esta lei ordena e dá coherencia tanto ás medidas de impulso demográfico que o Executivo autonómico xa está a poñer en práctica como aquelas que se introducirán nos vindeiros anos e que son consecuencia do proceso de participación dos axentes antes citados.

Así, da fase de exposición pública da norma que se abriu ao conxunto da sociedade incorpóranse elementos moi importantes. Estes son, entre outros: a universalización da educación infantil de 0 a 3 anos, para a que o Goberno galego dará o primeiro paso o vindeiro 1 de abril coa gratuidade para os segundos fillos e sucesivos, así como a posibilidade de prórroga dun ano da Tarxeta Benvida para as familias en situación de especial vulnerabilidade, algo que xa é realidade este ano.

Tamén, como consecuencia das alegacións propostas, se recolle a creación dun Comité de ética dos servizos sociais de Galicia; a elaboración dunha Estratexia de prevención e abordaxe integral da soidade non desexada, na que xa se está a traballar, ou a incorporación ao texto legal de programas de recuperación de vivendas baleiras.

Incorpóranse o 83% das recomendacións do CES

Ademais, a lei ten en conta máis do 83% do ditame do Consello Económico e Social, o que supuxo modificar 26 artigos dos 106 que a conforman. Nesta fase incorporáronse as seguintes novidades: fixar un prazo máximo dun ano desde a publicación da lei para elaborar a normativa necesaria que desenvolva e aplique os artigos; incorporar a diversidade como principio específico en materia de familia; estender a oferta de recursos de conciliación, inicialmente prevista para o verán, a todos os períodos non lectivos; incluír no funcionariado autonómico con dereito prioritario á flexibilidade horaria aqueles que están a cargo de familiares enfermos, maiores ou con discapacidade.

A maiores, introdúcese a necesidade de considerar na planificación e xestión das políticas públicas a coordinación co sector social e a economía circular; ter en conta aspectos sociais, ambientais e de fixación de poboación na regulación do acceso á terra e incorporar ao eido da educación non formal, como eido prioritario, a formación para os coidados no ámbito familiar. Así mesmo, inclúese no texto da lei a xustiza dentro dos servizos básicos aos que toda galega e galego debe ter dereito con independencia do seu lugar de residencia; e garantir a continuidade, durante o tempo que sexa preciso, das axudas familiares por nacemento para as persoas especialmente vulnerables mentres esperan por unha prestación de apoio á renda.

A COMISIÓN GALEGA DE PREVENCIÓN E REPRESIÓN DA DOPAXE INCLUIRÁ ENTRE AS SÚAS VOGALÍAS UN REPRESENTANTE DO COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA

- ***O colectivo de licenciados e licenciadas en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte será unha peza fundamental na proposta de programas e actuacións que promovan e procuren que a actividade deportiva se realice en condicións adecuadas de salubridade e seguridade, así como accións formativas e informativas con respecto aos valores da práctica deportiva sobre a saúde***

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se modifica o Decreto 78/2018, do 26 de xullo, que regula a composición e o funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, para engadir, entre as súas vogalías, unha persoa en representación do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia, por proposta do dito colexio. A Lei 3/2012 do 2 de abril, do deporte de Galicia, recolle no seu título VIII a actuación autonómica en materia de prevención e de loita contra a dopaxe no deporte, e correspóndelle á *Administración autonómica* o establecemento, seguimento e control da política de loita contra a dopaxe e de prevención desta no ámbito da Comunidade Autónoma.

A Comisión Galega de Control e Prevención da Dopaxe foi constituída no pasado mes de xuño co compromiso de acadar un deporte galego limpo e sen trampas, así como protexer a limpeza do deporte e, sobre todo, a saúde dos deportistas galegos. Na actualidade está integrada por unha presidencia (secretario xeral para o Deporte), unha vicepresidencia (subdirector xeral de Plans e Programas), e trece vogalías nas materias de educación, saúde pública, árbitro ou xuíz, federacións deportivas galegas, deportista federada e médica, colexios de médicos de Galicia, Colexio Oficial de Farmacéuticos de Galicia, Colexio Oficial de Químicos de Galicia, Colexio Oficial de Enfermería de Galicia, facultades de Ciencias da Actividade Física e do Deporte (A Coruña e Pontevedra) e dúas persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos científico-técnico, deportivo, médico e xurídico.

Para o desenvolvemento das tarefas encomendadas -asesorar a Administración autonómica no eido da medicina deportiva; propoñer programas e actuacións co obxecto de promover e procurar que a actividade deportiva se realice en condicións adecuadas de salubridade e seguridade; promover accións formativas e informativas respecto dos valores da práctica deportiva sobre a saúde; promover e fomentar a investigación e formación no eido da medicina deportiva e, en concreto, no relativo á protección da saúde dos deportistas; propoñer criterios e regras técnicas para que as competicións e probas de modalidades deportivas se configuren de modo inocuo para a saúde e integridade física dos deportistas sobre os dispositivos mínimos de asistencia sanitaria que deben existir nas competicións, e propoñer as accións preventivas de educación e información sobre a dopaxe- considérase necesario dotala de todos os instrumentos óptimos.

Coa inclusión do colectivo de licenciados e licenciadas en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte na composición da Comisión incorpórase unha peza fundamental en canto ás funcións atribuídas á Comisión, principalmente con relación á proposta de programas e actuacións para promover e procurar que a actividade deportiva se realice en condicións adecuadas de salubridade e seguridade, así como accións formativas e informativas con respecto aos valores da práctica deportiva sobre a saúde.

Deste xeito, a nova vogalía de licenciados e licenciadas en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia achegará a experiencia e a visión dun colectivo fundamental á hora de propor iniciativas, medidas e actuacións nas competencias da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE POIO DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL PEIRAO-BESADA

- ***O Concello de Poio e a Deputación de Pontevedra asinaron un convenio que incluía actuar sobre esta vía, entre os puntos quilométricos 0 e 0+100, e a posterior transferencia do tramo á Administración local***
- ***As características deste treito son asimilables á vía urbana municipal e serve de acceso ás edificacións e aos predios lindeiros***
- ***Co cambio de titularidade, o concello pontevedrés terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento***
- ***O decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Poio da estrada provincial Peirao- Besada, desde o punto quilométrico 0+000 ao 0+100.

O Concello de Poio e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio para levar a cabo a estabilización do muro de contención da estrada e continuación do paseo litoral de Campelo.

Este acordo incluía que unha vez rematadas as obras se realizaría a transferencia do citado treito a favor do Concello de Poio, pois as características da vía son asimilables á vía urbana municipal e serve de acceso ás edificacións e aos predios lindeiros.

A Administración provincial de Pontevedra acordou aprobar o cambio de titularidade proposto, polo que emite informe favorable para a transferencia deste treito e solicita o cambio de titularidade desta estrada á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o concello pontevedrés terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DOS 29 CONTRATOS QUE CULMINAN A RENOVACIÓN INTEGRAL DO TRANSPORTE PÚBLICO QUE FUNCIONARÁ EN GALICIA NA VINDEIRA DÉCADA, GRAZAS A UNHA ACHEGA TOAL DE FONDOS PÚBLICOS DE 74 MILLÓNS DE EUROS AO ANO

- **Trátase de 1.286 novas liñas, das cales 741 serán compartidas, abrindo o uso das prazas baleiras do transporte de escolares por parte do conxunto da poboación**
- **Súmanse ás case 1.900 liñas que xa están a funcionar desde o pasado 1 de xaneiro en parte do territorio galego, cun investimento de máis de 50 millóns de euros da Xunta**
- **Estes novos contratos sairán a concurso público de forma inmediata por un importe de 237 millóns de euros por dez anos e co obxectivo de entrar en servizo a partir de verán**
- **Os novos contratos renovarán o transporte interurbano nas áreas da Coruña, de Santiago, da Costa da Morte e O Barbanza, así como as comarcas de Tabeirós e Terra de Montes, Baixo Miño, Val Miñor e o norte de Arousa**
- **Estenderase ao conxunto de Galicia a gratuidade do transporte para menores de 21 anos e as vantaxes do sistema de pagamento do Transporte Metropolitano**
- **As modalidades de transporte compartido e baixo demanda permitirán multiplicar a cobertura da rede de autobuses e acadar o obxectivo de que o 97% da poboación de Galicia se sitúe a menos dun quilómetro de distancia dunha parada**
- **A atención dos escolares seguirá a ser prioritaria nas liñas compartidas, polo que estes novos contratos suporán a ocupación de 394 acompañantes**
- **Os contratos garantirán o emprego de 859 condutores, no marco do acordo social pechado pola Xunta coas principais centrais sindicais para blindar a subrogación dos profesionais necesarios para prestar estes servizos**
- **O novo mapa de transportes é o resultado dun inxente traballo de campo destinado a atender coa maior eficacia as necesidades de mobilidade da poboación galega**

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación dos 29 contratos que culminan a renovación integral do transporte público que funcionará en Galicia na vindeira década, grazas a unha achega total de fondos públicos autonómicos de 74 millóns de euros ao ano.

O Goberno galego avanza así no cumprimento do establecido na normativa europea, garantindo que Galicia siga a ter transporte público tras o vencemento das concesións e acadando a renovación total do mapa de servizos de autobús interurbano da Comunidade.

En concreto, estes novos contratos sairán a concurso público de forma inmediata cun orzamento de máis de 237 millóns de euros por dez anos, e entrarán en funcionamento a partir deste verán. Trátase de 1.286 novas liñas, das cales 741 serán compartidas, abrindo o uso das prazas baleiras do transporte de escolares por parte do conxunto da poboación.

Súmanse ás case 1.900 liñas que xa están a funcionar desde o pasado 1 de xaneiro en parte do territorio galego, cun investimento de máis de 50 millóns de euros da Xunta.

Os contratos abranguen as liñas de autobús que operarán nas seguintes áreas: en case toda a provincia da Coruña, en concreto na contorna da cidade, na Costa da Morte, contorna de Santiago e comarca do Barbanza; e na provincia de Pontevedra, no norte da bisbarra de Arousa, nas comarcas de Tabeirós e Terra de Montes, Baixo Miño e Val Miñor.

Tamén se inclúen os contratos de longa distancia que afectan o Eixe Atlántico, é dicir, Ferrol – A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo e o de Lugo – Santiago.

Cos novos contratos, estenderase ao conxunto de Galicia a gratuidade do transporte para menores de vinte e un anos e as vantaxes do sistema de pagamento do Transporte Metropolitano.

Ademais, as modalidades de transporte compartido e baixo demanda permitirán multiplicar a cobertura da rede de autobuses e acadar o obxectivo de que o 97% da poboación de Galicia se sitúe a menos de 1 quilómetro de distancia dunha parada.

A atención dos escolares seguirá a ser prioritaria nas liñas de autobús compartido, que contarán coa presenza dun acompañante en cada unha. En total, estes contratos, cuxa licitación se autoriza hoxe, suporán a ocupación de 394 acompañantes.

Ademais, os citados lotes garantirán o emprego de 859 condutores, no marco do acordo social pechado pola Xunta coas principais centrais sindicais para blindar a subrogación dos profesionais necesarios para prestar estes servizos.

O deseño destes contratos está dirixido a favorecer a participación das pequenas e medianas empresas que predominan no tecido empresarial galego do sector. Ademais, limitarase a súa adxudicación a unha única empresa para evitar a concentración.

Bonificacións

No que se refire ás vantaxes para os usuarios, os servizos desta 2ª fase manteñen un esquema tarifario unificado, bonificacións obrigatorias e melloras de servizos en liñas, rutas ou horarios.

Así mesmo, os novos contratos que se van licitar, do mesmo xeito que os que xa están en servizo, prevén a extensión do uso da tarxeta de Transporte Metropolitano (TMG).

Ademais, o Goberno galego continuará estendendo nestas liñas e, polo tanto, ao conxunto da Comunidade, o emprego da tarxeta 'Xente Nova', coa cal todos os menores de 21 anos poderán viaxar gratis no transporte interurbano.

Traballo de campo e participación

O Plan de transporte público de Galicia está baseado na participación e no traballo de campo, xa que para o deseño das rutas se estudou en profundidade o territorio co fin de coñecer os actuais servizos de autobús e as novas necesidades da poboación.

Ademais, foron consultados os usuarios e os concellos, recolléronse datos nos principais centros de demanda, como zonas empresariais, centros de saúde ou centros educativos e realizáronse enquisas e entrevistas en todos os municipios.

O Goberno galego tamén escoitou as achegas e solicitudes en materia de transporte público, no marco dos procedementos de información pública, co fin de atendela do mellor xeito posible e proporcionarlles aos cidadáns uns servizos eficaces que respondan ás súas necesidades reais.

A POLICÍA AUTONÓMICA LEVOU A CABO O PASADO ANO MÁIS DE 8.700 INSPECCIÓNS RELACIONADAS CON MENORES

- ***A Unidade de Policía adscrita á Xunta identificou 3.758 persoas nestes controis e foron tramitadas 379 denuncias***
- ***En materia de prevención de venda de alcohol e tabaco a menores, inspeccionáronse 5.641 establecementos e 895 controis fixéronse de forma específica para vixiar a presenza de menores de idade en salóns de xogo e salas de apostas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe de actividades levadas a cabo pola Policía autonómica durante o ano 2019 relacionadas coa protección de menores, sobre todo os que se atopan en situación de risco. Nos 2.925 dispositivos que se desenvolveron ao longo do ano pasado efectuáronse un total de 8.718 inspeccións. No marco destes controis identificáronse 3.758 persoas e tramitáronse 379 denuncias por infraccións.

As funcións que o grupo de menores da Unidade de Policía adscrita á Xunta ten encomendadas nesta materia están referidas ao traslado e custodia de menores a centros dependentes da Xunta; a localización dos menores fugados ou desaparecidos; o control de establecementos para erradicar a venda de alcohol e tabaco; o seguimento da actividade de apostas en centros de ocio ou de locais de hostalaría, xunto coa detección de casos de malos tratos ou o control de sustancias estupefacientes.

Nas actuacións referidas á venda de consumo de alcohol e tabaco, os axentes da UPA levan a cabo dispositivos periódicos para previr a venda e a subministración a menores de idade tanto en locais de ocio -bares, pubs, discotecas ou supermercados e tendas 24 horas- como para evitar o consumo nas vías públicas. A Policía autonómica realizou o pasado ano 5.641 inspeccións en establecementos, das cales 895 se fixeron de forma específica en salóns de xogo e salas de apostas para vixiar a entrada de menores.

Como resultado destas inspeccións, levantáronse 369 actas de infracción, 348 delas por incumprir a Lei 11/2010, de prevencións ou consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, e por infraccións da Lei 28/2005, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco. As 21 denuncias restantes corresponden á presenza de menores nos establecementos e locais recreativos e salas de apostas que prohibe a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

A Policía autonómica, desde a entrada en vigor da Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, leva a cabo diversos dispositivos policiais por toda a Comunidade galega, para velar polo seu cumprimento e previr o consumo deste tipo de bebidas polos menores de idade. Nestes dispositivos, ademais das denuncias pola infracción da Lei 11/2010, tamén se informou os propietarios dos locais do seu contido, das actuacións que deben levar a cabo para o seu cumprimento e evitar o consumo de alcohol

entre os menores de idade, así como que por parte da Policía autonómica se continuará coas actividades necesarias para velar polo cumprimento da norma.

Por outra parte, o grupo de menores da UPA efectuou o ano pasado 1.691 traslados aos centros de menores asignados por técnicos da Consellería de Política Social ou o órgano xudicial correspondente. Ademais, como resultado das súas pescudas, os grupos policiais localizaron 163 menores de idade fugados ou desaparecidos, dos cales 146 se reintegraron no centro de referencia, dando conta á Consellería de Política Social e á Fiscalía de menores.

A Policía autonómica tamén realiza informes sobre menores por solicitude, por regra xeral, da Consellería de Política Social ou das autoridades xudiciais, en particular nos casos dos que están baixo a tutela ou protección da Xunta. Os axentes da UPA elaboraron en 2019 un total de 2.289 escritos deste tipo nos cales recompilan os antecedentes familiares, sociais, educativos ou laborais a través da información dos servizos sociais da Unidade Familiar e de entrevistas co contorno. En relación con estas solicitudes, os axentes comprobamos se poden existir situacións de malos tratos ou de desamparo.

Entre os informes emitidos polo grupo de menores, inclúense documentos por petición da Consellería de Política Social sobre a residencia real e convivencia do solicitante de prestacións non contributivas e rendas de inclusión de Galicia (Risga); e tamén por petición da Consellería de Facenda sobre persoas que faleceron sen testar para xestións sobre intestato ou sobre a identidade de persoas que ocupan casas que son titularidade da Xunta.

Nas patrullas policiais diarias, os axentes comprobamos de forma ordinaria o absentismo escolar entre os menores de dezaseis anos. A unidade que se encarga desta vixilancia tamén controla a venda e o consumo de substancias estupefacientes na contorna dos centros educativos, e nos casos de infracción envíase o material intervido á Consellería de Sanidade e trasládanse as dilixencias ao xulgado de garda. Os axentes deste grupo realizan, ademais, controis de mendicidade infantil na rúa e sobre estafas.

A XUNTA MOBILIZOU NOS ÚLTIMOS CATRO ANOS AXUDAS EN MATERIA DE VIVENDA POR CASE 130 MILLÓNS DE EUROS QUE BENEFICIARON A CASE 28.000 ADXUDICATARIOS

- ***O Consello da Xunta coñeceu un informe do Instituto Galego da Vivenda e Solo sobre as actuacións deste organismo para promover políticas de rehabilitación e renovación do parque de vivendas de Galicia***
- ***Outro dos obxectivos destas accións é conseguir mellorar a accesibilidade, sustentabilidade, aforro enerxético, mellora da calidade e conservación dos elementos singulares das construcións existentes***
- ***A Xunta de Galicia fará en 2020 un novo esforzo para convocar axudas e subvencións que faciliten o acceso á vivenda e a rehabilitación de inmobles***

As políticas en materia de vivenda da Xunta de Galicia facilitaron unha axuda a 28.000 beneficiarios, dispoñendo nos últimos catro anos un orzamento de case 130 millóns de euros. Esta é unha das conclusións que achega un informe de axudas para a vivenda elaborado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo e presentado ao Consello da Xunta na súa reunión desta mañá.

Desde o ano 2016, o Goberno galego mobilizou un total de 128.663.681 euros, distribuídos en diferentes programas e axudas que beneficiaron 27.451 adxudicatarios, para desenvolver políticas de rehabilitación e renovación do parque de vivendas de Galicia entre os destinatarios, como son particulares propietarios ou inquilinos de vivendas, comunidades de propietarios, concellos e promotores de vivenda para alugamento.

Así mesmo, estas liñas de axudas tamén responden á necesidade de mellorar as condicións do parque de vivendas en Galicia atendendo a criterios de accesibilidade, sustentabilidade, aforro enerxético, mellora da calidade e conservación dos elementos singulares das construcións existentes.

Entre as liñas de actuación promovidas pola Xunta destacan a convocatoria de axudas dentro do programa de vivendas de mestres, outros edificios e outros inmobles de titularidade municipal, unha iniciativa posta en marcha en 2017 e que foi recibindo máis solicitudes nas seguintes convocatorias, ou as axudas para a adquisición de vivendas en centros históricos, unha liña que foi novidade o pasado ano e que se manterá no seguinte exercicio.

Outras liñas para facilitar o acceso á vivenda e mellorar as súas condicións son as axudas ao alugueiro, os préstamos para a rehabilitación, o Fondo de Cooperación dos concellos, o Programa Rehaluga, o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade das vivendas, así como o de fomento de conservación, da mellora da seguridade e de accesibilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

No ano 2020 o Goberno galego volverá facer un novo esforzo ao habilitar fondos para cada unha das distintas liñas de actuación en materia de acceso á vivenda e rehabilitación e facilitar aos galegos recursos que os axuden a acceder a unha vivenda en réxime de compra, alugueiro ou a través da rehabilitación.

A XUNTA IMPULSA O EMPREGO LOCAL A TRAVÉS DE TRES NOVOS PROGRAMAS QUE PERMITIRÁN AOS CONCELLOS GALEGOS CONTRATAR 1.800 PERSOAS DESEMPREGADAS

- ***O Goberno galego publicará o 28 de xaneiro no Diario Oficial de Galicia (DOG) as convocatorias de axudas que cun investimento de 16 M€ apoiarán a contratación de 700 persoas receptoras da Risga; 500 desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral ou social, e 600 para tarefas de prevención de incendios***
- ***Destinaranse 7,7 M€ para a contratación de persoas receptoras da Risga en 165 concellos e 1,5 M€ para apoiar 185 municipios na inserción no mercado laboral das persoas desempregadas***
- ***Investiranse 7 M€ para impulsar o programa Aprot Rural en 270 entidades locais***
- ***As tres liñas de axudas enmárcanse na Axenda 20 coa que a Consellería de Economía, Emprego e Industria pretende mellorar a ocupabilidade dos galegos e galegas e dinamizar o mercado de traballo***
- ***Súmanse a outras medidas destinadas a favorecer a contratación nos concellos galegos que se están activando estas semanas, como os obradoiros duais e o novo programa para a contratación de menores de 30 anos***

A Xunta impulsará o emprego local a través de tres novos programas que suman un 16 M€ e que permitirán que os concellos galegos poidan contratar, este ano, máis de 1.800 persoas desempregadas, tal e como se informou esta mañá no Consello. En concreto, o próximo 28 de xaneiro, o *Diario Oficial de Galicia* publicará as convocatorias correspondentes a persoas receptoras da Risga, Aprot Rural e persoas desempregadas para o desenvolvemento de obras e servizos de interese xeral e social. Estas iniciativas, xunto con outros programas que se están activando este mes e que favorecen a contratación en concellos, suman preto de 55 M€.

Así, a Xunta destina este ano un total de 7,7 M€ para a contratación de persoas receptoras da Risga, apoio do que se poderán beneficiar un total de 165 concellos ou agrupacións de municipios. O obxectivo é proporcionar aos beneficiarios a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral a través dun contrato laboral que será subvencionable durante 9 meses.

Por outra parte, Aprot Rural contará cun orzamento de 7 M€ para a contratación de 600 persoas desempregadas en 270 municipios galegos para a realización de tarefas relacionadas, maioritariamente, coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Terán prioridade os concellos fusionados e os emprendedores. Como novidade con respecto a anteriores edicións, os concellos rurais de menos de 2.000 habitantes poderán contratar persoas que xa fosen contratadas por un período igual ou superior a nove meses con cargo a axudas concedidas no ano 2019 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

eido da colaboración coas entidades locais e sen ánimo de lucro. Os contratos terán unha duración de nove meses a tempo completo.

Por último, o Goberno autonómico inviste 1,5 M€ para apoiar en 185 concellos galegos a contratación de 500 persoas sen emprego para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social co obxectivo de proporcionarlles experiencia e práctica profesional que permitan a súa inserción. Os contratos serán de tres meses -no caso de que sexan a tempo completo- ou de seis meses para os de tempo parcial.

Estas medidas teñen como obxectivo mellorar a empregabilidade das persoas participantes, así como apoiar a integración laboral de persoas vulnerables, co obxectivo de dinamizar o mercado laboral galego. Enmárcanse na Axenda20 coa cal a Xunta pretende crear máis e mellor emprego de calidade na Comunidade e completan outras iniciativas que se están activando neste primeiro mes do ano e que favorecen a contratación nos concellos galegos. É o caso dos obradoiros duais de emprego, en que se invisten 23,2 M€ para beneficiar 1.400 persoas; o novo programa para a formación e contratación de 300 menores de 30 anos (7 M€); as axudas para a contratación de orientadores laborais, ás que se destinarán 6,7 M€, ou os programas integrados de emprego, que se activarán a finais de mes cun orzamento específico para os concellos de 1,66 M€.

O SECTOR PESQUEIRO GALEGO PODE BENEFICIARSE DE MÁIS DE 1,6 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA POÑER EN MARCHA PROXECTOS INNOVADORES

- ***Esta cantidade enmárcase na convocatoria de 2020 destas achegas cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e analizadas hoxe no Consello da Xunta***
- ***Poden optar a estas subvencións os propietarios de buques pesqueiros e as súas organizacións -incluídas as confrarías- que contén coa colaboración dun organismo científico que desenvolva as operacións e valide o seu resultado***
- ***Son subvencionables, entre outros, os proxectos innovadores que busquen desenvolver ou introducir produtos e equipos, procesos e técnicas ou sistemas de xestión ou organización novos ou perfeccionados***
- ***Tamén son obxecto de axuda as iniciativas que contribúan á eliminación gradual dos descartes e as capturas accesorias e á introdución de técnicas de pesca perfeccionada e de artes máis selectivas***

A Consellería do Mar pon á disposición do sector pesqueiro máis de 1,6 millóns de euros en axudas para poñer en marcha proxectos innovadores. Esta cantidade, que se distribúe nas anualidades 2020 e 2021, enmárcase na convocatoria de 2020 destas achegas cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Así o especifica un informe sobre estas axudas analizado hoxe no Consello da Xunta.

Poden optar a elas os propietarios de buques pesqueiros e as súas organizacións ou asociacións -incluídas as confrarías de pescadores- que contén coa colaboración dun organismo científico que desenvolva as operacións e valide o seu resultado. Terán a consideración de organismo científico ou técnico os incluídos no rexistro creado ao abeiro do Real decreto polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica. Tamén poderán validar os resultados os organismos públicos de investigación (OPI) indicados na Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, os recoñecidos pola normativa propia das comunidades autónomas e as universidades públicas e privadas ou entidades do sector público que desenvolvan actividades de I+D+i.

Esta convocatoria, que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, comprende dúas liñas de axuda diferentes. Unha delas é para proxectos innovadores que busquen desenvolver ou introducir produtos e equipos, procesos e técnicas ou sistemas de xestión ou organización novos ou perfeccionados, e a ela destínanse 810.000 euros. A outra liña de axudas conta con 800.000 euros e enfócase en operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños que contribúan á eliminación gradual dos descartes e as capturas accesorias e á introdución de técnicas de pesca perfeccionada e de artes máis selectivas.

Algúns exemplos de accións de colaboración entre o sector pesqueiro e os organismos científicos susceptibles de poder acollerse a estas achegas son as tecnoloxías para a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

dixitalización dos datos para a identificación e cuantificación de especies e biomasa descartada e o desenvolvemento de sistemas de clasificación e cuantificación de capturas. Outros exemplos son o desenvolvemento de procesos de valorización dos descartes de pesca que abran novas oportunidades comerciais ou aparellos de pesca innovadores e máis selectivos.

Con estas subvencións, a Xunta busca impulsar a competitividade e a sustentabilidade ambiental do sector. Así, a través delas subvencionarase con carácter xeral o 50% dos investimentos que fagan os propietarios de buques pesqueiros e as súas organizacións en proxectos e operacións innovadoras. Esa porcentaxe pode chegar ao 100% cando se trate de proxectos de interese colectivo, cun beneficiario colectivo e con características innovadoras a escala local. Os interesados en cursar as solicitudes de axuda poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará en próximos días o *Diario Oficial de Galicia*.